

# El claroscuro

---

Durante o Renacemento italiano xurdiu unha das técnicas pictóricas e escultóricas máis importantes de toda a historia da arte. O reflexo en ambas áreas é difícil de precisar. É máis clara a contribución do claroscuro na pintura, por non existir ata entón medios para expresar o volume. Pola contra, a escultura dende facía moito xa xogaba coa luz



para suxerir o volume. Desta maneira, a pintura ata a chegada do claroscuro parecía ser máis plana, fronte a escultura que pola súa propia natureza mostraba volume e podía acentualo se ademais era quen de engadirlle os contrastes de luz.

Agesandro, Arenorodo e Polidoro de Rodas: *Laocoonte e os seus fillos*, mármore branco, século II a.C., Museo Pío-Clementino de Roma. Non soamente destaca polo detalle anatómico e o seu movemento, senón que os efectos de claroscuro danlle máis vida á composición.

Precisamente o descubrimento da arte antiga durante o Renacemento fixo que os artistas tentaran progresivamente de empregar estes contrastes de luz para que as figuras ganaran volume e, isto é novo, tamén maior protagonismo. Pouco a pouco o uso de este recurso técnico impoñese en Italia durante o século XVI e despois no resto da Europa Occidental no século seguinte.

Mirade a evolución que provoca este uso nas obras de alguén como Leonardo da Vinci entre o retrato de *Ginevra de Benci* (1478) e o coñecido como *Dama do Armiño*.



Leonardo da Vinci, *Retrato de Ginevra de Benci* (1478), National Gallery of Art (Washington) e *A Dama do Armiño* (1490) Museo Czartoryski, Cracovia. Ambos son óleos sobre táboa. Na primeira pintura, o cimbro que fai contorna da silueta do rostro dálle volume e faille destacar, pero non chega ao punto da segunda pintura, onde parece que realmente a retratada vai saír do cadro.


Esta maneira de pintar irase acentuando cos anos, ata chegar a Caravaggio, xa no século XVII, gran representante do estilo barroco que leva o claroscuro á súa máxima expresión. Fixádevos nestas marabillas:






Caravaggio, *A vocación de san Mateo* (1601), óleo sobre lenzo, Igrexa de San Luís dos Franceses, Roma (na páxina anterior) e *A Virxe dos peregrinos* (1604) óleo sobre lenzo, Basílica de San Agustín en Campo Marzio, Roma. As diferenzas de iluminación fan que o volume sexa perfecto en cada detalle.

Todos os aprendices de pintura estudan esta técnica, xeralmente usando o chamado "carbón" ("carboncillo" en castelán), onde é importante: 1) ter en conta a dirección da luz; e 2) non esquecer ningunha parte do contorno do representado, por moi complexo que sexa.




Polo tanto, o procedemento a seguir é realizar o debuxo chan, elixir un punto de iluminación imaxinario e representar en cor escura as partes que quedarían en sombra.



## Que imos facer?

Buscamos no Internet unha imaxe que nos guste e copiámola nun documento tipo Word, Power Point, Paint, etc...

Exemplo:



Despois empregando as ferramentas do FORMATO DE IMAXE aplicámoslle un efecto de quitar cor (decoloración) ou de marca de auga



E xa tedes unha base para traballar enriba cun lapis de mina grosa a ser posible para marcar as sombras. Reservaredes os trazos finos para o debuxo dos contornos. Marcade un punto de iluminación, para non equivocaros.

Non é preciso que fagades un retrato, podedes elixir calquera cousa (obxectos, froitas, etc.)

Non vos preocupedes se vos parece que non vos queda moi ben ao principio. Istó non é doado, pero seguro que vos saen cousas chulas. Tentade de gozar da tarefa.